RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: DECRETO SERVIZOS MÍNIMOS FOLGA XERAL DO 11 DE NOVEMBRO DE 2026.

Nº EXPEDIENTE ORIXE:

Logo de ver a convocatoria de folga xeral o día 11 de novembro de 2026, e considerando a necesidade de por un lado respectar o dereito de todos os empregados do Concello de Oroso a exercer o dereito á folga pero igualmente que dito dereito se atopa suxeito a limitacións no seu exercicio derivadas da súa conexión con liberdades, dereitos e bens constitucionalmente protexidos, e así o recoñece a propia Constitución Española no seu artigo 28.2 ao recoñecer como límite expreso a necesidade de garantir o mantemento dos servizos esenciais da comunidade.

Considerando así mesmo de xeito específico que o artigo 53 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais de Galicia establece que: "os funcionarios dos corpos da Policía local, de acordo co establecido na lexislación orgánica de forzas e corpos de seguridade non poderán exercer en ningún caso o dereito á folga nin accións substitutivas deste ou concertadas a fin de alterar o normal funcionamento dos servizos".

Sendo necesario proceder a fixar uns servizos mínimos para garantir o mantemento dos servizos esenciais do Concello de Oroso e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.h) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local pola presente **RESOLVO**:

Primeiro: Fixar como servizos mínimos do Concello para a folga xeral do día 11 de novembro de 2026 os seguintes:

-Rexistro xeral: 1 empregado/a.
-Limpeza viaria: 2 empregados.
-Policía Local: 3 empregados.

Segundo: Notificar a presente aos representantes sindicais dos traballadores laborais e funcionarios deste Concello para a súa difusión así como publicalo no taboleiro de anuncios do Concello para xeral coñecemento.

En Oroso, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Alcaldía-Presidencia,
do que eu, como Secretario, dou fe.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.oroso.es. *(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xuridico do sector público)).*

En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámoslle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, coa finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes titularidade do concello, os cales se encontran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Vostede poderá, en todo momento, exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais enviando ao concello unha carta debidamente asinada onde consten claramente os datos de contacto á cal deberá xuntarse fotocopia do seu DNI/NIF ou documento que acredite a súa identidade.

CVD: 3xo6CxJYhIlAb1io+Zgi Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.oroso.gal/